

Extracto da convocatoria dos Premios do XVI Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata 2019” do Concello de Lalín

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán participar todas as persoas que así o desexen. Cada participante poderá enviar un máximo de tres cartas.

Segundo. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de premios do XVI Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”, organizado polo Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, coa finalidade de promover a reflexión sobre a problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural..., así coma os efectos e consecuencias da mesma.

Terceiro. Bases reguladoras


Bases reguladoras dos Premios do XVI Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata 2019” do Concello de Lalín. (BOP nº 196 de 11/10/2019).

Cuarto. Cuantía

O importe total dos premios será de 298,43 € con cargo á aplicación orzamentaria 0.2312.78000.01 Os premios outorgaranse en especie e consistirán nun diploma acreditativo e os seguintes premios:

- 1º premio: Tablet Android 10.1” 32GB
- 2º premio: Tablet Android 7” 8GB
- 3º premio: Lector de libros multimedia 4GB





Laínkmcero

Igualdade



Concello de Lalín

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación das cartas empezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o mércores 6 de novembro. As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Igualdade e na web www.lalin.gal

Lalín, 11 de outubro de 2019. A Concelleira Delegada, Dna. M^a Paz Pérez Asorei

